



1^{os} PREMIOS DE SOMBREIREIRÍA DE ASNOT

“Re-visitando a tradición con mirada presente”

A tradición crea obxectos prácticos e cun deseño intuitivo que evoluciona co seu uso, adaptándose ás necesidades de cada época, lugar e usuario. Obxectos necesarios para a vida cotiá e cun uso óptimo, que a través de anos e coñecementos herdados alcanzaron a simplicidade cunha perfecta eficacia funcional conseguida pola práctica e oficio. Esta artesanía utilitaria, inspirada na tradición, representa unha riqueza que está moitas veces ameazada pola desaparición.

Que sucede con eses obxectos que, como os sombreiros de uso tradicional, viron esa evolución truncada debido ao seu desuso?

Como evolucionarían en caso de seguir cumprindo a súa función real?

Evolucionarían na súa estética, nos seus materiais, derivarían en novos usos...?

Para intentar responder de maneira creativa a estas preguntas propoñemos a **interpretación de tres sombreiros característicos da tradición galega: pucho, sancosmeiro e monteira.**

PARTICIPANTES

Persoas de calquera nacionalidade cunha idade mínima de 18 anos.

TEMA DO CONCURSO

Queremos que cada participante se mergulle na investigación das características dun destes sombreiros característicos da tradición galega: sancosmeiro, pucho ou monteira, e nos faga a súa proposta, en base á investigación, de como chegarían ata os nosos días se o seu uso se mantivera de forma habitual ata hoxe.

O xurado valorará a creatividade, sen perder de vista para o que foi creado cada sombreiro, que sexa funcional e contemporáneo.

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

Os participantes poderán presentarse nunha das dúas categorías seguintes:

CATEGORÍA A: Profesional. Destinada a artesás e artesáns do sombreiro que acrediten estar en activo.

CATEGORÍA B: Aprendiz. Destinada a estudantes de sombreireiría, de moda e de todas as escolas, escolas superiores e universidades de deseño interesados na creación e confección destas pezas.

1. A organización proporcionará material de investigación sobre as pezas a interpretar, tanto a través de redes sociais como por correo electrónico se así o solicitan os participantes.
2. Permítese a entrada de dúas pezas por categoría.
3. As pezas deben ser orixinais, deseñadas e confeccionadas pola persoa participante e non deberon participar en ningunha competición, premio ou concurso anterior.
4. A participación será gratuíta, salvo polos gastos inherentes de transporte por recepción e envío de pezas seleccionadas que correrán a cargo do participante seleccionado.
5. Os formularios de participación completos deben recibirse dende as 10:00 h GMT + 2h Madrid do 11 de abril de 2024 ata as 23:59 h GMT + 2h Madrid do ~~domingo 23 de xuño~~ xoves 4 de xullo de 2024.

6. De todas as entradas recibidas seleccionaranse as que, tanto pola súa calidade técnica, deseño e fidelidade ao tema proposto, optarán a concurso.
7. Ao participar autoriza que as imaxes e a información relacionada coas pezas correspondentes á súa participación, se compartan, tanto na web como nas redes sociais da organización e prensa.
8. Incluírase información relacionada coa peza correspondente á súa participación cunha descrición cun número máximo de 100 palabras que incluírá o seguinte mínimo obrigatorio:
 - a) Os materiais utilizados
 - b) As técnicas para a súa realización
 - c) Nome real da deseñadora ou deseñador (non o nome da marca)
 - d) Nome da peza
 - e) Material fotográfico e audiovisual (ver apartado 9.)
9. O material fotográfico e audiovisual necesario para participar na selección do Premio "*Chapeu Contest 2024*" terá as seguintes características:
 - a. Débanse enviar polo menos catro imaxes coa entrada: de fronte, de perfil, traseira e interior.
 - b. Todas as imaxes deben ter unha resolución mínima de 300 ppp e un tamaño de polo menos 1080 píxeles en longo ou ancho. Aceptaránse imaxes de diferentes tamaños, pero se recortarán para mostralas no sitio web e nas redes sociais sendo posible que se perda parte do contido.
 - c. As imaxes deben ser do tipo de arquivo JPEG cun tamaño máximo de 10Mb. Non cargue arquivos PDF nin outro tipo de arquivo.
 - d. As imaxes non deben ter escritura, texto, logotipos, marcas de auga, marcos ou filtros engadidos.
 - e. Non se permiten collages: cada imaxe debe ser dunha vista única da súa creación.
 - f. Aos xuíces mostraráselles todas as imaxes enviadas, pero as organizadoras resérvanse o dereito de limitar o número de imaxes mostradas no sitio web para a súa visualización pública.
 - g. Un video curto gravado en formato panorámico, de entre 10 e 20 segundos, como apoio ás imaxes. Neste vídeo o sombreiro debe ser portado por un/ha modelo. Non debe superar os 100Mb.

- h. Aos seleccionados se lles solicitará un “making off” curto e informal, este poderá ser fotográfico ou en formato vídeo.
10. O ~~24 de xuño~~ 5 de julio de 2024 terá lugar a sesión do xurado para seleccionar aos finalistas.
11. Os participantes que resulten finalistas serán notificados inmediatamente e deberán enviar as pezas correspondentes á información presentada.
12. A data límite de recepción das pezas será o ~~7~~ 15 de xullo de 2024.
13. As pezas finalistas serán expostas en escaparates de comercio de Padrón dende o ~~14~~ 18 de xullo de 2024 e ata o 25 de xullo enmarcadas en Asnot 2024.
14. O ~~17~~ 20 de xullo de 2024 o xurado, composto por representantes da organización do concurso, da Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia e da concellería de cultura do Concello de Padrón, seleccionará aos gañadores de cada categoría
15. A comunicación dos gañadores terá lugar o 24 de xullo de 2024 durante o festival Asnot facendo entrega dun talón simbólico ao gañador profesional e das ferramentas e o vale pola formación ao gañador aprendiz. Para máis adiante facelos efectivos (ingreso da cuantía e axenda de formación pactada entre a persoa gañadora e a formadora).

PREMIOS

Chapeu Contest 2024, estará dotado cos seguintes premios:

- * 600€ ao gañador da categoría profesional
- * Ferramentas e formación valoradas en 600 € en conxunto ao gañador da categoría aprendiz

A asignación dos premios queda criterio exclusivo do xurado.

Os premios non se poderán canxear, nin revender, transferir ou cambiar. Non se realizarán cambios por uso parcial e deberanse respectar as datas de utilización dos mesmos.

A organización resérvase o dereito de ofrecer unha alternativa e substitución de calquera premio en circunstancias excepcionales.

A decisión dos xuíces é final e inapelable.

MODO DE ENVIAR AS PEZAS

Os sombreiros remitiranse á seguinte dirección:

Concello de Padrón

Rúa Longa, 27

15900 Padrón (A Coruña) ESPAÑA

(REF: Chapeu Contest de Asnot)

Dado a natureza deste concurso, Asnot Asociación Cultural non se fai cargo das taxas de aduana devengadas por envíos internacionais cuxo valor declarado sexa superior a 20 Euros / 20 USD. Cada concursante deberá asumir ditos gastos e os envíos deberán realizarse en condicións DDP (Delivery Duty Paid).

Todas as fundas, caixas ou embalaxes que contengan os traballos irán identificados co nome, apelidos e país do participante.

Asnot Asociación Cultural non se fai responsable da recepción de traballos que non cumpran coas condicións arriba descritas.

DEVOLUCIÓN DE TRABALLOS FINALISTAS

Os sombreiros seleccionados pero non gañadores permanecerán a disposición da organización ata finais de xullo de 2024.

Despois desta data serán devoltos aos seus propietarios.

A devolución farase a portes debidos, previo ingreso na conta corrente prevista para o efecto, da cantidade establecida pola empresa de transporte, que será comunicada previamente ao interesado por email. A organización devolverá os traballos en embalaxes distintos aos recibidos: non se valora, polo tanto, o tipo de caixa ou envoltorio nos que se envían os traballos.

As pezas gañadoras serán propiedade da organización e formarán parte dos fondos do "Premio Chapeu Contest".